- O día 18-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Antonio Gallardo Álvarez**, no que expón que é propietario da parcela **27058A13800044** por título de herdanza. Aporta escritura de 1946, de doazón a favor do seu pai, Ezequiel Gallardo Vázquez, falecido en 1984. O 8-10-2018 aporta, como proba complementaria para acreditar a propiedade, un informe pericial da dita parcela no que se recolle un estudo histórico da parcela 27058A13800044.
- O día 21-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Suso Díaz Álvarez**, no que expón que é fillo de Milagros Álvarez Figueroa e que ela é propietaria da parcela **27058A11200030** por herdanza e segundo a partición realizada o 18-11-1981.
- O día 21-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Nilo Sánchez López**, en representación de Gloria López Otero, no que expón que a parcela **27058A13800018** é titularidade de Gloria López Otero, adquirida por ela e polo seu marido, Aniceto Sánchez López en 1972. Aporta copia do contrato privado de compra-venda.
- O día 21-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Castor Montes Suárez**, no que expón que as parcelas **25, 26, 27, 28, 29 e 30 do polígono 138** son de titularidade particular. Que concretamente a parcela **27058A13800029** é súa por herdanza. Achega escritura de compra-venda do ano 1909 na que figura a adquisición da parcela *Carballa* que actualmente se corresponden coas citadas parcelas catastrais.
- O día 22-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Asunción López López**, no que expón que a parcela **27058A13900007** é da súa propiedade. Aporta documento de partición de herdanza e certificación de titularidade catastral.
- O día 24-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, presentado polo avogado **José Manuel Piñeiro González** en representación de Helena Sánchez Rodríguez, quen á súa vez actúa en representación da súa nai, Manuela Rodríguez Álvarez. Expón que as seguintes parcelas catastrais son propiedade de Manuel Rodríguez Álvarez: 27058A13800015,



27058A13800024, **27058A13800032** e **27058A14000213**. Aportan copia de certificado do Rexistro da Propiedade de Monforte e da escritura de adxudicación de herdanza.

- O día 24-5-2018 ten entrada un escrito de alegación, asinado por **Edita Rodríguez Guitián**, no que expón que é propietaria da parcela **27058A13900011** e acredita a titularidade catastral.
- O día 29-5-2018 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por **Trinidad Rodríguez Montes**, que expón ser propietaria da parcela **27058A13800028**, que adquiriu por doazón da súa nai, Avelina Montes. Que a dita parcela, denominada *Carballa*, está inscrita no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos. Aporta escritura de compra-venda de 1909 (comprada por avós), escritura de doazón a favor de Trinidad Rodríguez no ano 1987 e escritura da sociedade Takanivi SL, á que se lle aporta a devandita parcela en 2004.

Así mesmo, alega que a parcela *Carballa* comprada polos seus avós en 1909 actualmente correspóndese coas parcelas **25, 26, 27, 28, 29 e 30 do polígono 138**, que pasaron a ser propiedade de diferentes herdeiros.

DÉCIMO OITAVO: O día 2-7-2018 ten entrada un escrito da **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** no que fai constar que as seguintes parcelas están integradas no Dominio Público Hidráulico: **27058A10909002**, **27058A09809004** e **27058A11309001**

DÉCIMO NOVENO: O día 12-7-2018 ten entrada un escrito da **Deputación de Lugo** no que manifesta que as seguintes parcelas correspóndense con tramos do viario provincial: **27058A09809005**, **27058A13709033** e **27058A11209007**. Así mesmo informan que a **27058A13709011** non pertence á Rede Provincial de Estradas.

VIXÉSIMO: O día 24-5-2018 comunícaselle a Eva Rodríguez Rodríguez o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **ABUÍME-ampliación**.

VIXÉSIMO PRIMEIRO: O día 22-6-2018 ten entrada unha comunicación dos vogais representantes da comunidade para asistir á reunión do xurado. Resultou elixida Eva Rodríguez Rodríguez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.



3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:
- **Lourdes Álvarez Méndez**, manifesta que a parcela **27058A11200031** é da súa propiedade e de **Consuelo Méndez Rodríguez**, quen tamén presenta alegacións no mesmo sentido. Teñen ao seu favor a titularidade catastral. A estes efectos hai que ter en conta o disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario: "Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos." Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **Tomás Martínez Martínez**, como presidente da comunidade de Ousende, manifesta a súa oposición á clasificación da parcela **27058A10900026**. Esta parcela figura catastralmente a nome da dita comunidade, polo que, en virtude do disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **Carmen Lina Rodríguez Otero**, manifesta que ela e os seus fillos son os propietarios da parcela **27058A13800045**. Esta parcela non é obxecto do presente expediente de clasificación.
 - **María Figuera Mosquera**, reclama a parcela **27058A11400682**. Esta parcela non é obxecto do presente expediente de clasificación.
 - **Manuel Cesáreo Figueiras Rodríguez**, manifesta que é o propietario da parcela **27058A11200029**, por herdanza da súa nai, **Manuela Rodríguez Mosquera**. Ten a titularidade catastral. Atendendo ao disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **José Camilo Rodríguez Beltrán**, manifesta ser o propietario da parcela **27058A11200027**. Conta coa titularidade catastral, polo que, en virtude do disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **María Manuela Pombo Gómez**, reclama a parcela **27058A13900014** da que é titular catastral. En virtude do disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **María Carmen Rodríguez Pombo**, reclama a parcela **27058A11200028** da que é titular catastral. En virtude do disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
 - **José Manuel Díaz Sánchez**, en representación da Asociación de Veciños do Beirán, expón que a parcela **27058A11400680** é de uso exclusivo dos **veciños do Beirán**. Teñen a titularidade catastral ao seu favor. Atendendo ao disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004,



do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario: "Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos." Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.

- **Gil Fernández Martínez**, di que é propietario da parcela **27058A11200025**. Ten ao seu favor a titularidade catastral cos efectos atribuídos polo artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
- **Antonio Gallardo Álvarez**, expón que é o propietario da parcela **27058A13800044**. Esta parcela non é obxecto do presente expediente de clasificación.
- **Suso Díaz Álvarez**, no expón que é fillo de **Milagros Álvarez Figueroa** e que ela é propietaria da parcela **27058A11200030**. Ten ao seu favor a titularidade catastral cos efectos atribuídos polo artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
- **Nilo Sánchez López**, en representación de **Gloria López Otero**, expón que a parcela **27058A13800018** é titularidade desta. Ten ao seu favor a titularidade catastral cos efectos atribuídos polo artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar a dita parcela da superficie a clasificar.
- **Castor Montes Suárez**, manifesta que as parcelas **25, 26, 27, 28, 29 e 30 do polígono 138** son de titularidade particular. Teñen a titularidade catastral a nome de particulares, cos efectos atribuídos polo artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar as ditas parcelas da superficie a clasificar.
- **Asunción López López**, expón que a parcela **27058A13900007** é da súa propiedade. Esta parcela non é obxecto do presente expediente de clasificación.
- **Manuel Piñeiro González** manifesta que as parcelas catastrais **27058A13800015, 27058A13800024, 27058A13800032 e 27058A14000213** son propiedade de Manuel Rodríguez Álvarez. As parcelas catastrais **27058A13800015, 27058A13800032 e 27058A14000213** non son obxecto deste expediente. A parcela **27058A13800024, ten titularidade catastral** a nome de particulares, cos efectos atribuídos polo artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tal presunción non



resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación, o que é motivo suficiente para considerar a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar as ditas parcelas da superficie a clasificar.

- **Edita Rodríguez Guitián**, manifesta que é propietaria da parcela **27058A13900011**. Esta parcela non é obxecto do presente expediente de clasificación.
- **Trinidad Rodríguez Montes**, presenta alegacións con respecto ás parcelas **25, 26, 27, 28, 29 e 30 do polígono 138**. Estas parcelas xa constan no escrito de **Castor Montes Suárez**, mencionado anteriormente e tal e como queda expresado, ao ter a titularidade catastral a nome de particulares, considérase a existencia dunha discusión de propiedade, e procede descontar as ditas parcelas da superficie a clasificar.
- Con respecto ás restantes superficies, posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE**:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: ABUÍME-AMPLIACIÓN
Pertenza: Veciños da parroquia de Abuíme
Parroquia: Abuíme
Concello: O Saviñao
Superficie: 269 hectáreas

Parcelas obxecto de ampliación e lindes:

Parcelas de Ampliación	Linde	Parcelas estreimas
27058A13700600, 27058A09809006, 27058A11209017, 27058A11300001, 27058A09809007, 27058A09809008, 27058A09809009, 27058A09809010, 27058A11200005, 27058A11200009, 27058A11209011, 27058A11300007, 27058A11300008, 27058A11300009, 27058A11300010, 27058A11300003, 27058A11300004, 27058A11300005, 27058A11300006, 27058A11300002, 27058A11400689, 27058A11300011, 27058A11300012, 27058A11300013, 27058A11300014, 27058A11300015, 27058A11300016, 27058A11300017, 27058A11300018, 27058A11300019, 27058A11300020, 27058A10909004, 27058A11300021, 27058A11300022, 27058A11409001, 27058A11309007, 27058A11309009, 27058A11309012, 27058A11309013, 27058A11309006, 27058A11309017, 27058A11309008, 27058A11309010, 27058A11309011,	Norte	MVMC Balouta e Lagas. Exp.16/80



Parcelas de Ampliación	Linde	Parcelas estremas
27058A11309014, 27058A11309015, 27058A11309016, 27058A11309018, 27058A11309019, 27058A11309021, 27058A11309022, 27058A09800008, 27058A09800009, 27058A09800010, 27058A09800015, 27058A09809003, 27058A09809004, 27058A09809005, 27058A13709033, 27058A13800007, 27058A13800010, 27058A13800011, 27058A13800012, 27058A13800013, 27058A13800014, 27058A13800023, 27058A13800033, 27058A13800034, 27058A13800035, 27058A13800036, 27058A13800037, 27058A13800038, 27058A13800042, 27058A13800043, 27058A13809008, 27058A13809009, 27058A13809010, 27058A13809007, 27058A13809012, 27058A13809013, 27058A13809014, 27058A13809011, 27058A13809015, 27058A13809016, 27058A13809018, 27058A13809019, 27058A13809022, 27058A13809025, 27058A13809026, 27058A13809027, 27058A13809028, 27058A13809029, 27058A13900001, 27058A13900013, 27058A13909001, 27058A13800046, 27058A13800047, 27058A13800048, 27058A13800049, 27058A13800051, 27058A13800052, 27058A13800050, 27058A13800053, 27058A13800054, 27058A13800055, 27058A13800056, 27058A13800061, 27058A13800057, 27058A13809002, 27058A13809003, 27058A13809004, 27058A13809005, 27058A13809006, 27058A11209007, 27058A11209016, 27058A11200024, 27058A11200026, 27058A11200032, 27058A11200034, 27058A11200035, 27058A11200036, 27058A11200037, 27058A11209008, 27058A11209009, 27058A11300023, 27058A11300024, 27058A11300025, 27058A11300026, 27058A11309001, 27058A11309002, 27058A11309003, 27058A11309004, 27058A11309005, 27058A09800001, 27058A09800002, 27058A09800003, 27058A09800004, 27058A09800005, 27058A09800006, 27058A09800007	Leste	MVMC Balouta e Lagas. Exp. 16/80
	Sur	27058A10900026 27058A13800012 27058A13800013 27058A13800018 27058A13800025 27058A13800026 27058A13800027 27058A13800028 27058A13800029 27058A13800030 27058A13800024 MVMC Balouta e Lagas. Exp. 16/80 27058A13800044 27058A13800045 27058A13809025
	Oeste	27058A13909001 27058A13900012 27058A13900011 27058A13900010 27058A13900009 27058A13900008 27058A13900007 27058A13900006 27058A13909002 27058A13900015 27058A13709033 27058A13709016 27058A13709011 27058A13709033 27058A11200023 27058A11200025 27058A11200031 27058A11200030 27058A11200028 27058A11200027 27058A11200029 27058A11309020 27058A09800009 27058A09809005 27058A11409001



Tendo en conta esta ampliación, o **MVMC da comunidade de Abuíme** conta cunha superficie de **429 hectáreas**.

Lugo, 8 de novembro de 2018



Handwritten signatures and marks in blue and red ink, including a large blue 'L' shape, a red signature, and several blue signatures.

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 8 de abril de 2019, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se publican as **resolucións dos recursos de reposición** interpostos contra a clasificación do monte veciñal en man común Abuíme-ampliación, do concello do Saviñao (expediente 6/2017).*

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, na sesión do día 27.3.2019, baixo a presidencia de María Olga Iglesias Fontal e coa asistencia dos vogais Josefina Pereira de la Riera, Carlos Vázquez Díaz e Antonio José López-Acuña Herrero, e da secretaria Lucía Belver Quiroga, adoptou os seguintes acordos:

Monte de Abuíme-ampliación (expediente 6/2017), pertencente aos veciños da parroquia de Abuíme, no termo municipal do Saviñao. Na reunión do xurado do 8 de novembro de 2018 acordouse, aceptando a proposta do Servizo de Montes, clasificar como veciñal en man común unha superficie de 269 hectáreas, de conformidade coas parcelas e lindeiros que constan na resolución do expediente.

- O 17 de decembro de 2018 ten entrada un escrito presentado pola Deputación Provincial de Lugo, en que manifesta que, a pesar de que no antecedente de feito décimo noveno da resolución se recollen as alegacións feitas con respecto a tres parcelas que se corresponden con tramos de vías da súa titularidade, na resolución inclúense as ditas vías no cadro de parcelas obxecto da ampliación.

Dado traslado ao Servizo de Montes destas alegacións, que se tramitan como recurso de reposición, o día 9 de xaneiro de 2019 emítese informe en que se recoñece a existencia dun erro na resolución, e que as vías de comunicación alegadas pola Deputación, que se corresponden con parcelas catastrais da súa titularidade, deberíanse ter excluído da superficie que se clasificará neste expediente. Elaboran unha nova descrición e cartografía adaptada a tal exclusión, e a superficie de ampliación queda en 267,5 ha e cunha superficie total do monte de 427,5 ha.

Examinado o devandito recurso, o xurado, por unanimidade, acorda estimar o recurso de reposición interposto, de conformidade cos fundamentos que se recollen na corres-



pondente resolución do recurso e proceder ás oportunas modificacións no expediente de acordo co informe do Servizo de Montes.

• O día 27 de decembro de 2018 recíbese escrito de Eva Rodríguez Rodríguez, como presidenta da comunidade de Abuíme, en que se interpón recurso de reposición contra o devandito acordo, amosando a súa desconformidade coa exclusión do perímetro clasificado de varias parcelas pertencentes a distintos titulares catastrais por considerar que o xurado se baseou para a súa exclusión en datos catastrais e non en ningunha escritura de propiedade ou documento acreditativo desta.

A resolución impugnada foi notificada expresamente á comunidade propietaria a través do sistema Notifica.gal e consta recibida o día 19.11.2018.

O recurso foi presentado no Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra o 27.12.2018, polo tanto, fóra de prazo.

Examinado o devandito recurso, o xurado, por unanimidade, acorda inadmitir o recurso de reposición interposto, de conformidade cos fundamentos que se recollen na correspondente resolución do recurso.


Contra estas resolucións, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación no *Diario Oficial de Galicia*, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lugo, 8 de abril de 2019

María Olga Iglesias Fontal
Presidenta do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Lugo

CVE-DOG: u37g4lk7-cmj4-8sf3-qiz4-9atbos9qpn35





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Ampliación do monte veciñal en man común
de Balouta e Lagas (Exp 6/2017)

Monte: **Balouta e Lagas**
Pertenza **Parroquia de Abuime**
Superficie previa **160 Ha**
Superficie revisada **427,5 Ha**

Municipio: **O Saviño**

Escala: 1:14.000

Plano 4. Monte posterior

Monte_posterior



O xefe de área
Lugo, 9 de xaneiro de 2019

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:


Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **29 de outubro de 2019**, figura o seguinte acordo:

Monte de Balouta e Lagas (expedientes 16/80 e 6/2017), pertencente aos veciños da parroquia de Abuíme e Monte de Ferroedo (expediente 21/80), pertencente aos veciños da parroquia de Ousende agás Aiaz, ambos do termo municipal do Saviñao. O 06.11.2018, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Monforte de Lemos, do 29.06.2018, no procedemento ordinario 13/2017, na que, estimando a demanda presentada, se declara: “[...] *que la línea de colindancia entre los montes vecinales en mano común de Abuíme y Ousende (excepto Aiaz) es la que figura en el acta de fecha 19 de abril de 2006 aportada con la demanda como documento número 9, condenando a la entidad demandada a estar y pasar por las anteriores declaraciones y a ceñir la posesión de su monte a la línea de colindancia establecida [...]*”.

Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, o 07.08.2019 emítese informe (núm. 93/18), especificando as modificacións resultantes, nos termos que no dito informe se describen, quedando o monte de Balouta e Lagas cunha superficie de 497,2 hectáreas, e o monte Ferroedo cunha superficie de 274,5 hectáreas. Achégase esbozo da situación actual dos montes veciñais afectados. Examinada a devandita sentenza, o xurado, por unanimidade, acorda dar cumprimento ao establecido nela, e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.







**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de: **93/18**
Deslinde xudicial dos montes de Baluta e Lagas (exp 16/80) e Ferroedo (exp 21/80)

Monte: Balouta e Lagas	Monte: Ferroedo
Pertenza Abuime	Pertenza Ousende agás Aiaz
Superficie previa 427,5 ha	Superficie previa 274,5 ha
Superficie posterior 497,2 ha	Superficie posterior 344,2 ha

Municipio: **O Saviñao**

Escala: 1:20.000

Plano 3. Montes posteriores ao deslinde

O xefe de área
Lugo, 06 de agosto de 2019



Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

● Vertices_deslinde
- - - deslinde
Monte_Ousende_posterior
Monte_abuime_posterior